

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrència competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PE201B).

BDNS (Identif.): 541143.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas que sexan pemes do sector de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

Segundo. *Finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos procedentes da pesca e da acuicultura, que terán como finalidade realizar investimentos que:

1. Contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, incluíndo o tratamento de residuos.
2. Melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo.
3. Axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poidan destinar ao consumo humano.



4. Se refiran á transformación de subprodutos obtidos das actividades principais de transformación.

5. Se refiran á transformación de produtos de acuicultura ecolóxica en virtude dos artigos 6 e 7 do Regulamento (CE) nº 834/2007.

6. Dean lugar a novos e mellores produtos, novos ou mellores procesos, ou novos ou mellores sistemas de xestión e organización.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrència competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PE201B).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2021 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723A.771.1, correspondentes á Consellería do Mar para 2021. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario será de 16.000.000 de euros.

A concesión estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución que se vaia efectuar, no orzamento de gastos para o ano 2021.

A distribución de anualidades será a seguinte:

- Anualidade 2021: 6.000.000 de euros.
- Anualidade 2022: 10.000.000 de euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil,



entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2020

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: 5vjw3d82-yxi3-lvx3-4za6-iblsymeexmk2

